XEOGRAFÍAS DA SOIDADE

[*Geographies of Solitude*,
Jacquelyn Mills, 2022, Canadá, 105 min., VOSE]

Lingua **Inglés**
Dirección, fotografía e montaxe **Jacquelyn Mills**
Música **Emily Millard, Mark Boudreau**
Son **Andreas Mendritzki, Jacquelyn Mills**
Intervén **Zoe Lucas**
Produción **Rosalie Chicoine, Jacquelyn Mills**
Distribución **Filmin**

Zoe Lucas, naturalista e investigadora autodidacta, leva máis de 40 anos vivindo, coidando e documentando a illa de Sable, a 300 quilómetros ao este de Nova Scotia (Canadá). É a única habitante humana desta remota franxa de area onde conviven cabalos salvaxes, focas, aves e insectos, mais tamén onde chegan montes de residuos plásticos.

A cineasta Jacquelyn Mills acompáñaa nas súas tarefas habituais, capturando o ciclo da vida na illa, rodando en 16 mm, con luz natural e sons ambientais obtidos da propia natureza.

Berlinale Forum (2022)
Mellor Longametraxe Internacional en L'Alternativa (2022)

VINDEIRAS SESIÓNS
Ás 20.30 h no Teatro Principal de Pontevedra

Martes 30
FALLEN LEAVES
(Aki Kaurismäki, 2023, Finlandia, 81 min., VOSG)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA

FS #199
23.1.2024

XEOGRAFÍAS DA SOIDADE

JACQUELYN MILLS

CINECLUBE PONTEVEDRA

GEOGRAPHIES OF SOLITUDE ENTREVISTA A JACQUELYN MILLS

Por Yun-hua Chen

Canto tempo estiveches na illa de Sable e canto persoal conformaba o teu equipo? Durante as dúas primeiras filmacións, en decembro de 2017 e setembro de 2018, estiven eu soa. Na terceira levei comigo o meu colaborador creativo e un cámara, Scott Moore. Deste xeito, puiden compartir as responsabilidades técnicas, o que me permitiu centrarme máis completamente nos elementos creativos do proxecto.

Como coñeciches a Zoe Lucas? Como foi a vosa colaboración? Tiven a sorte de termos Zoe e mais eu unha amizade íntima en común. Puiden compartir con ela o meu último documental e explicarlle a miña idea de facer un filme que implicase intimamente a illa de Sable. Con xenerosidade, aceptou ser a miña guía. Zoe foi incriblemente solidaria tanto para me levar á illa en tres ocasións como para colaborar creativamente durante a miña estancia alí. Débolle este filme.

A túa técnica de filmación respectuosa co medio ambiente é moi intrigante. De onde xorden estas ideas e experimentos? En realidade, non tiña a intención de usar ningún destes experimentos no filme final. Foi unha sorpresa para min que acabasen por atopar un lugar no filme. Son o resultado de facer moitas preguntas que xiraban arredor da idea de como a natureza pode realizar un filme. As imaxes ou sons procedentes deses experimentos levábanme a afondar máis por esa vía de investigación e a crear máis. Agradézolle á talentosa cineasta experimental canadense Terra Jean Long que me abrise os ollos ao mundo das técnicas de filmación respectuosas co medio. Foi ela quen me asesorou cando comecei esta viaxe e quen me axudou a procesar as miñas primeiras imaxes en algas. A miña curiosidade prendeu aí. Quería descubrir formas coas que suliñar cinematograficamente o compromiso ambiental de Zoe. Quería explorar un tipo de cinema que fose innovador, inmersivo e experiencial. Iso involucraba os elementos da illa de Sable en todos os niveis, tanto os naturais coma os artificiais, incluíndo o lixo mariño.

A que desafíos físicos tiveches que enfrontarte? Atravesar a illa a pé cargando co equipo de filmación foi duro. Tivemos que filmar coa area, a neve, con fortes ventos, néboa e chuvia. Non me presionei para avanzar rápido. Só tiñamos película para gravar 10 minutos ao día. Deste xeito, puiden experimentar completamente a realidade da illa antes de filmar, unha realidade tan rica que eclipsou calquera desafío físico. Tamén vivín momentos tranquilos, de calma e mesmo algunhas sestas entre as dunas.

Por que escolliches filmar en 16 mm? Poderías falar sobre como o medio e o tema se adaptan entre si, e que implicacións prácticas ten isto? Quería que houbese unha intención clara en cada etapa da creación deste proxecto. Escollín filmar en película por varias razóns. Inspiroume o ritual do analóxico. Soster os momentos nas miñas mans mentres cambiaba os rolos. Inspiráronme os momentos que perdín. Momentos que eran só para min e que parecían atopar o seu camiño no filme de maneira invisible. Filmar só uns poucos minutos ao día permitiume experimentar a illa antes de filmar, transmitir o que sentía desde un lugar tranquilo. Sentir primeiro, filmar despois. Ademais, as técnicas eco-fílmicas exploradas neste proxecto só eran posibles utilizando 16 mm e 35 mm, o que dá lugar a unha estética cohesionada. A película analóxica é en realidade máis versátil cá maioría dos medios dixitais en condicións desafiantes coma a calor extrema, o frío e o feito de estar exposta aos elementos.

Filmar en película nunha franxa de area exposta no Atlántico Noroeste require dunha atención rigorosa aos detalles para asegurar que haberá unha imaxe e algún son ao final da viaxe. Conleva un risco. Mesmo se todo o equipo se proba regularmente, calquera cousa pode acontecer durante a filmación e non hai lugar ningún na illa de Sable para reparar o equipo ou pedir máis película. O risco converteuse en parte dos moitos rituais do filme. Aínda que fun moi metódica nos aspectos técnicos deste proceso, tiven tamén moita sorte ao longo do camiño.

Como desenvolviches unha paisaxe sonora orgánica? Creei a paisaxe sonora a partir dunha biblioteca de sons que gravei na illa de Sable. Obsesioneime co son deste lugar e sentín a necesidade de dar cunha maneira de expresalo no filme. Utilicei micros de contacto para gravar os obxectos da illa. Gravei 4 e 6 canles de son envolvente en cada localización para poder sentir logo no cinema a inmersión no lugar. Gravei efectos de son logo de cada filmación para que mesmo os detalles máis pequenos fosen obtidos de maneira auténtica. Gravei os pasos dos insectos, microfonei unha abella. Un caracol desprazouse pola superficie da miña gravadora. Coloquei hidrófonos no océano e nos lagos, e nos caldeiros de plástico que Zoe limpaba. Usei electrodos para traducir os patróns de vida de plantas e insectos en música. O son deste proxecto foi un traballo de amor e quero agradecerllo ao meu codeseñador de son, Andreas Mendritzki, por converter a paisaxe sonora na versión final que oímos no cine.

Recollido de ilmint.nu
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.